



## Instrución para o transporte de mostras na USC

### DOCUMENTACIÓN:

As mostras deberán ir acompañadas dun documento denominado **CARTA DE PORTE** que se pode cumprimentar e imprimir a través da páxina web da USC (<http://www.usc.es/gl/investigacion/riaidt/enviomuestras.html>). As mostras depositaranse en horario de mañá.

Os datos **OBRIGATORIOS** que deben ser cumprimentados son os dous grupos seguintes:

#### Datos da mercancía:

Tipo de mercancía	Perigosa ou Non perigosa
Grupo de mercancía (só para mercancías perigosas)	Escoller o grupo xeral que corresponda á mostra transportada.
Descrición do vulto	Caixa, sobre, etc.
Nº de vultos	
Peso:	Aproximado

#### Datos do expedidor (remitente da mostra):

Asinado polo cargador/expedidor	
Nome e Apellidos: .....	Sinatura
Data: ...../...../.....	

OBRIGATORIO CUBRIR OS DATOS: NOME E APELIDOS, Sinatura E DATA.

Este documento debe deixarse xunto á mostra de forma que o condutor encargado do transporte poida recollelo para cumprimentar os datos que lle corresponden.

**Non se transportarán paquetes que non veñan acompañados deste documento (carta de porte) correctamente cumprimentado.**

- **EMBALAXE:**

As mostras deben estar correctamente embaladas para o transporte. Non levarán paquetes que estean mal embalados, abertos, con roturas, mollados, etc. Non transportarán botellas soltas, viarias en reixiñas, etc, deberán sempre embalarse en caixas e con material de recheo para que evite o seu movemento dentro do paquete.

- **ETIQUETADO:**

Tódolos paquetes deben ir etiquetados claramente cos datos do remitente e do destinatario.

As caixas reutilizadas que teñan etiquetas doutros produtos deberán ser tapadas para evitar equivocacións de identificación.

- **LIBRO DE REXISTRO:**

Todo usuario que utilice o servizo de transporte de mostras deberá cubrir para cada envío o **registro de transporte de mostras** que se encontra en cada punto de recollida (CACTUS DE SANTIAGO E LUGO).

- **DEVOLUCIÓN DE MOSTRAS:**

Todo paquete de mostras que non sexa retirado no prazo de 6 meses dende a data de devolución serán tratados como residuos e destruíranse a través do Servizo de Xestión de Residuos Perigosos

Para calquera aclaración ou dúbida chamar a: **JOSÉ OTERO NEO: TLF: 616 927 348 (Empresa de Transporte)**

**Cactus Santiago: Celia Pinaque (Portería: 16247) / Cactus Lugo: Montse Gómez (U. A. Elemental: 22181)**

## Requisitos de preparación das mostras

- **Mostras líquidas.** (ICP, HPLC, etc,...): deben ir en frascos ou tubos de ensaio hermeticamente pechados, que seempaquetarán en contedores axeitados en posición vertical para a protección das mostras, procurando que os tubos non se movan (compactar con gomaespuma, papel ou similar) e que aseguren a contención dos residuos líquidos en caso de rotura accidental dun tubo. Dependendo do tipo de tubo, pode ser aconsellable selar o tapón con parafilm. Para minimiza-la manipulación e o trasvase de mostras, os usuarios deberán contactar previamente cos responsables de cada servizo para recibir indicacións sobre os envases máis adecuados para cada mostra e técnica. Por exemplo, as mostras destinadas para a súa análise mediante ICP-OES ou ICP-MS deberán chegar ó servizo obrigatoriamente nun tipo específico de tubo que deberá adquirir o usuario (o servizo pode proporciona-los tubos a custo nominal ós investigadores que así o desexen).
- **Mostras para RMN.** Deberanse introducir nos tubos de RMN, que se empaquetarán logo da forma descrita para as mostras líquidas. En Santiago hai servizo de preparación de mostras para RMN. Para RMN de líquidos o servizo inclúe o préstamo do tubo de RMN e/ou a adición do disolvente deuterado que indique o usuario. Para RMN de sólidos o servizo inclúe a preparación de mostras no rotor. Polo tanto, as muestras para RMN en Santiago pódense enviar secas e etiquetadas nun vial convencional. Existe tamén en Lugo a posibilidade de prepara-los tubos de RMN. Neste caso, por favor, contactar antes co responsable do servizo.
- **Mostras sólidas.** (p.ex. para análise total). En sobres ou frascos correctamente etiquetados e introducidos logo en caixas ou envases que aseguren a inmovilidade do produto e a contención dos residuos en caso de rotura.
- **Mostras para microscopía electrónica.** As mostras que se envíen para ser procesadas mediante TEM ou SEM (inclusión, deshidratación, etc.) deberán enviarse fixadas e talladas convenientemente, e en tubos rotulados co mesmo código que figurará nas mostras. As mostras que se envíen xa procesadas deberán ir en tubos ou caixas que as protexan e impidan que se despeguen do soporte ou se golpeen durante o transporte, e rotuladas co seu código. Para casos especiais (por exemplo, mostras en fresco para CryoTransfer-SEM) acordarase a forma de transporte máis conveniente co responsable do servizo.
- **Mostras biolóxicas.** Enviaranse perfectamente envasadas e identificadas e con declaración expresa do usuario de que non supoñen risco sanitario de ningún tipo (non infecciosas, non mutaxénicas...). En caso de que as mostras leven asociado algún tipo de risco será preciso coordinar antes o transporte co responsable do servizo e cumprir de forma escrupulosa tódalas disposicións legais aplicables ó transporte deste tipo de substancias.
- **Outras.** Para casos especiais, por favor contactar antes co responsable do servizo.
- **Refrixeración.** Cómpre ter en conta que o vehículo utilizado para o transporte non é isoterma. Se as mostras precisan refrixeración ou conxelación, dispoñemos no Cactus de Lugo de sistemas para a produción de xeo picado ou pastillas de CO<sub>2</sub> sólido que permiten asegurar a refrixeración ou a conxelación da mostra durante unhas horas. Neste caso falar antes co persoal do centro de saída das mostras para preparar o envío refrixerado, así como co persoal técnico do centro de destino para que estea pendente de recoller as mostras e almacenalas convenientemente. Tódolos paquetes deben indicar con claridade o servizo ao que van destinado as mostras, os datos do usuario (nome, dirección, teléfono de contacto e e-mail) e o correspondente formulario de solicitude de ensaio correctamente



cumprimentado. As mostras deben ir perfectamente identificadas, con declaración expresa do solvente que leven (auga, metanol, solución ácida, acetonitrilo...) e os envases rotulados indicando claramente a posición que debe levar o paquete para asegurar que as mostras se movan sempre en posición vertical. Deben tamén indicarse os posibles riscos ou peculiaridades físicoquímicas das mostras e, en caso de mostras de composición descoñecida indicar a orixe e -se cabe- procesados ós que estivo sometida a mostra. Para outros servizos ou casos especiais os encargados dos equipos analíticos están a disposición de tódolos usuarios para suxerir o mellor sistema para evitar danos ás mostras e minimiza-las posibilidades de contaminación do persoal ou o medio ambiente.

En caso de non cumprimento destas normas, as Unidades da RIAIDT non levarán a cabo as análises requiridas.